

## **3º ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE , (ACTUAL CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN) E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAL NO MARCO DO PROXECTO EMPREGAL**

En Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en nome e representación do departamento do que é titular en virtude das facultades representativas propias do seu cargo, derivadas do disposto no Decreto 44/2024, de 14 de abril, do seu nomeamento, e do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia.

Doutra parte,

D. Justo Sierra Rey, en calidade de Presidente da ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (en adiante ASIME) en nome e representación da dita organización.

D. Javier Carreiro Vázquez, en calidade de Secretario Xeral da entidade UGT-FICA – INDUSTRIA, CONSTRUCCIÓN E AGRO GALICIA (en adiante UGT-FICA GALICIA), en nome e representación da dita organización.

D. Víctor Ledo Suárez, en calidade de representante da entidade FEDERACIÓN DE INDUSTRIA DE CCOO GALICIA (en adiante CCOO de Industria Galicia), en nome e representación da dita organización

D. Xoán Xosé Bouzas Aboi, en calidade de Secretario Nacional da Federación de Industria da C.I.G (en adiante CIG), en nome e representación da dita organización.

Recoñecéndose todos eles que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan.

### **EXPOÑEN**

I. Con data 24 de agosto de 2023 asinouse o Convenio de colaboración a través do cal se establecen as condicións polas que se rexe a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) e as organizacións Sindicais e Empresarial respecto das actuacións do Proxecto “EmpregAL” para as anualidades 2023,2024 e 2025

II. Con data 22 de decembro de 2023 asinouse unha addenda ao convenio a través da cal se acepta a encomenda de xestión da CIG a FORGA para a execución, a todos os efectos, das actividades recollidas no convenio de colaboración que lle corresponden a CIG.

III. Con data 31 de maio de 2024 asinouse a segunda addenda ao convenio a través da cal se acorda incorporar á anualidade 2024 o remanente da anualidade 2023, modificando as cláusulas segunda, quinta e sétima, sen que o alcance cualitativo e cuantitativo do convenio se vexa alterado.

IV. Unha vez desenvolvidas as primeiras accións do proxecto e planificadas as actividades pendentes de execución, segundo as necesidades das persoas participantes, os seus intereses e perfís profesionais, a comisión de seguimento (constituída segundo a cláusula décima do convenio) decide, unanimente, solicitar á Comisión Europea unha distribución lixeiramente diferente do orzamento das distintas actuacións establecidas no convenio, que non supera, en ningún caso, o importe total aprobado por entidade e anualidade.

V. Con data 04 de xullo de 2024, a Unidade Administrativa do Fondo Social Europeo (UAFSE), comunica, á Subdirección Xeral de Relacións Laborais, a aprobación por parte da Comisión Europea da reasignación económica entre as diferentes partidas. **Anexase a reprogramación do proxecto aprobada así como a redistribución das partidas conveniadas por entidade.**

VI. Tal e como se establece na cláusula sétima do convenio, con data 31 de xullo e 15 de decembro de 2024 as entidades colaboradoras presentan as certificacións de gastos parciais correspondente á anualidade 2024, non certificando a totalidade do importe asignado a devandita anualidade

2

VII. De acordo a cláusula décima do convenio o crédito non executado da anualidade 2024 pode incorporarse á anualidade seguinte, sendo suficiente o acordo unánime da Comisión de Seguimento.

VIII. Con data 06 de febreiro de 2025 a Comisión de Seguimento acorda unanimente incorporar á anualidade 2025 o remanente da anualidade 2024 e asumir o incremento dos indicadores asociados a cada actividade sen que isto supoña unha alteración do obxecto do convenio nin con leve incremento do importe total das obrigacións de contido económico asumidas por cada entidade asinante ou do número de exercicios orzamentarios aos que se imputan ditas obrigacións.

En virtude de todo o exposto, acordase a formalización da presente addenda de modificación do convenio conforme ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- Modificación da cláusula segunda, “Accións a realizar”**

Modifícase o presuposto correspondente as actividades das anualidades 2024 e 2025, así como os indicadores asociados, sen que isto supoña unha alteración do presuposto global por entidade. Deste xeito, o reparto queda como segue:

| A. Actividades personalizadas                           | Entidade | Nº Usuarios | €/ Usuario | Total                 | 2023                | Indicador | 2024                | Indicador | 2025                | Indicador |
|---|----------|-------------|------------|-----------------------|---------------------|-----------|---------------------|-----------|---------------------|-----------|
| Acollida e Diagnóstico inicial                          | ASIME    | 57          | 100        | 5.700,00 €            | 4.900,00 €          | 49        | 300,00 €            | 3         | 500,00 €            | 5         |
|   | UGT      | 59          | 100        | 5.900,00 €            | 5.800,00 €          | 58        | 100,00 €            | 1         | - €                 | 0         |
|   | CIG      | 53          | 100        | 5.296,00 €            | 5.196,18 €          | 52        | 100,00 €            | 1         | 0 €                 | 0         |
|   | CCOO     | 73          | 100        | 7.300,00 €            | 7.300,00 €          | 73        | - €                 | 0         | - €                 | 0         |
| Orientación laboral por conta allea                     | ASIME    | 48          | 500        | 23.829,54 €           | 16.500,00 €         | 33        | 7.329,54 €          | 15        | - €                 | 0         |
|   | UGT      | 48          | 500        | 24.000,00 €           | 16.500,00 €         | 33        | 7.500,00 €          | 15        | - €                 | 0         |
|   | CIG      | 54          | 500        | 26.704,08 €           | 16.500,00 €         | 33        | 7.520,48 €          | 16        | 2.683,60 €          | 5         |
|   | CCOO     | 72          | 500        | 35.988,63 €           | 16.488,63 €         | 33        | 19.500,00 €         | 39        | - €                 | 0         |
| Orientación laboral por conta propia                    | ASIME    | 15          | 500        | 7.420,46 €            | 1.420,46 €          | 3         | 6.000,00 €          | 12        | - €                 | 0         |
| Formación Transversal                                   | ASIME    | 55          | 1.000      | 48.949,16 €           | 15.949,16 €         | 22        | 33.000,00 €         | 33        | - €                 | 0         |
|   | UGT      | 55          | 1.000      | 50.173,55 €           | 13.173,55 €         | 18        | 36.904,05 €         | 37        | 95,95 €             | 0         |
|   | CIG      | 50          | 1.000      | 47.059,06 €           | 8.059,06 €          | 11        | 28.428,14 €         | 29        | 10.571,86 €         | 10        |
| Formación de especialización dentro do sector           | ASIME    | 9           | 2.850      | 23.224,36 €           | 3.274,36 €          | 2         | 9.548,57 €          | 4         | 10.401,43 €         | 3         |
|   | UGT      | 16          | 2.850      | 43.002,35 €           | 8.802,35 €          | 4         | 24.430,01 €         | 9         | 9.769,99 €          | 3         |
|   | CIG      | 18          | 2.850      | 48.709,47 €           | 8.809,47 €          | 4         | 23.024,74 €         | 9         | 16.875,26 €         | 5         |
| Formación de recualificación profesional fora do sector | ASIME    | 42          | 2.500      | 104.374,36 €          | 6.874,36 €          | 3         | 87.235,31 €         | 35        | 10.264,69 €         | 4         |
|   | UGT      | 26          | 2.500      | 64.866,54 €           | 14.866,54 €         | 6         | 33.900,82 €         | 14        | 16.099,18 €         | 6         |
|   | CIG      | 20          | 2.500      | 49.356,39 €           | 9.356,39 €          | 4         | 32.528,38 €         | 14        | 7.471,62 €          | 2         |
| Formación en autoemprego                                | ASIME    | 10          | 1.800      | 16.487,43 €           | 2.087,43 €          | 2         | 5.399,09 €          | 3         | 9.000,91 €          | 5         |
| Apoio á recolocación                                    | ASIME    | 28          | 1.300      | 36.339,70 €           | - €                 | 0         | 14.820,00 €         | 12        | 21.519,70 €         | 16        |
|   | UGT      | 35          | 1.300      | 45.500,00 €           | - €                 | 0         | 16.813,48 €         | 13        | 28.686,52 €         | 22        |
|   | CIG      | 44          | 1.300      | 57.200,00 €           | - €                 | 0         | 24.360,55 €         | 19        | 32.839,45 €         | 25        |
|   | CCOO     | 36          | 1.300      | 46.536,37 €           | - €                 | 0         | 27.300,00 €         | 21        | 19.236,37 €         | 15        |
| Seguimento no emprego                                   | ASIME    | 48          | 250        | 11.875,00 €           | - €                 | 0         | 4.500,00 €          | 18        | 7.375,00 €          | 30        |
|   | UGT      | 42          | 250        | 10.257,56 €           | - €                 | 0         | 6.382,56 €          | 26        | 3.875,00 €          | 16        |
|   | CIG      | 38          | 250        | 9.375,00 €            | - €                 | 0         | 5.013,99 €          | 21        | 4.361,01 €          | 17        |
|   | CCOO     | 38          | 250        | 9.375,00 €            | - €                 | 0         | 5.500,00 €          | 22        | 3.875,00 €          | 16        |
| Beca de participación activa                            |          | 190         | 400        | 76.000,00 €           | 5.100,00 €          | 96        | 23.600,00 €         | 59        | 47.300,00 €         | 35        |
| Beca de desprazamento                                   | ASIME    | 190         | 340        | 64.600,00 €           | 7.640,67 €          | 89        | 24.916,40 €         | 73        | 32.042,93 €         | 28        |
| Incentivo para a inserción laboral por conta allea      | UGT      | 150         | 1.200      | 180.000,00 €          | - €                 | 0         | 115.200,00 €        | 96        | 64.800,00 €         | 54        |
| Incentivo para o fomento do autoemprego                 | CIG      | 15          | 1.200      | 18.000,00 €           | - €                 | 0         | 5.200,00 €          | 4         | 12.800,00 €         | 11        |
| Incentivo para a conciliación                           | CCOO     | 10          | 1.200      | 12.000,00 €           | - €                 | 0         | - €                 | 0         | 12.000,00 €         | 10        |
| <b>Subtotal medidas</b>                                 |          |             |            | <b>1.215.400,00 €</b> | <b>194.598,60 €</b> |           | <b>636.356,12 €</b> |           | <b>384.445,28 €</b> |           |

**SEGUNDA.- Modificación da cláusula quinta, “Financiamento das actuacións”**

Modifícase o importe global correspondente ás anualidades 2024 e 2025, así como o importe máximo que lle corresponde a cada entidade nas devanditas anualidades, quedando a cláusula como sigue:

*“O importe total das subvencións que concederá a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula segunda do presente convenio será de 1.215.400,00 euros, dos cales 194.598,60 euros correspóndese coa anualidade 2023, **636.356,12 euros coa anualidade 2024 e 384.445,28 euros coa anualidade 2025.***

*Do orzamento da anualidade 2023 a ASIME lle corresponderá un máximo de 51.005,76 euros, á UGT-FICA un máximo de 59.142,44 euros, á CCOO de Industria Galicia un máximo 23.788,63 euros e á CIG un máximo de 47.921,10 euros.*

***Do orzamento da anualidade 2024 a ASIME lle corresponderá un máximo de 168.132,52 euros, á UGT-FICA un máximo de 126.030,92 euros, á CCOO de Industria Galicia un máximo 52.300,00 euros e á CIG un máximo de 120.976,28 euros.***

***Do orzamento da anualidade 2025 a ASIME lle corresponderá un máximo de 59.061,72 euros, á UGT-FICA un máximo de 58.526,64 euros, á CCOO de Industria Galicia un máximo 23.111,37 euros e á CIG un máximo de 74.802,62 euros.***

*Polo que respecta ao importe dos incentivos que lle corresponderá xestionar e xustificar, no seu caso, ascende a 350.600,00 euros dos cales 12.740,67 euros serán para o 2023, **168.916,40 euros para o 2024 e 168.942,93 euros para o 2025.***

4

*A achega financeira da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para os anos 2023, 2024 e 2025 será con cargo á aplicación orzamentaria de gasto 14.02.324A.481.9 código de proxecto 2023 00093”*

E en proba de conformidade de canto antecede, asina a presente addenda no lugar e data indicados no encabezamento, rubricando cada unha das páxinas de que consta,

O Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

O Secretario Xeral da Federación de Industria, Construción e Agro de UGT Galicia (UGT-FICA)

Asdo. José González Vázquez

Asdo. Javier Carreiro Vázquez

O representante da Federación de CCOO de Industria Galicia

O Presidente da Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (ASIME)

Asdo. Víctor Ledo Suárez

Asdo. Justo Sierra Rey

O Secretario Nacional da Federación de  
Industria da C.I.G (CIG)

Asdo. Xoán Xosé Bouzas Aboi